

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 17

2015

ISSN 1698-7861
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA



CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 17

2015

ISSN 1698-7861

Santiago de Compostela

Edita Xunta de Galicia

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística

VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ

Coordinador científico do CIRP

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Lingüística

GUILLERMO ROJO SÁNCHEZ

Rúa de San Roque, 2. 15704 Santiago de Compostela.

Tfno. +34 881996152

Fax. +34 981 542 553

Enderezo electrónico

paremias@cirp.es

<http://www.cirp.es>

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2015. (Véxase a pág. 308).

Autor Varios

Título Cadernos de fraseoloxía Galega 17, 2015

Periodicidade Anual.

ISSN: 1698-7861 (Cadernos de fraseoloxía Galega)

ISSN: 1698-787X (Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

D.L. C 467-2015

Imprime: Agencia Gráfica

Cadernos de fraseoloxía Galega aparece nos seguintes repertorios bibliográficos: CARHUS, CIRBIRC, DICE, DIALNET, DULCINEA, ISOC, LATINDEX, LINGUISTIC BIBLIOGRAPHY ONLINE, MIAR, MLA, REBIUN e SUDOC-ABES e pode lerse en tódalas bibliotecas das Universidades de España e Portugal. Aparece, ademais, no elenco bibliográfico da revista *Proverbium* (The University of Vermont). Recíbena máis de 100 fraseólogos de todo o mundo.

Pasados seis meses da edición en papel tódolos números poden descargarse íntegros en formato PDF de <http://www.cirp.es>, a onde manteñen ligazóns EUROPHRAS (europhras.org/), o Instituto Cervantes (<http://www.lettrasgalegas.org/>) e diversos Organismos Universitarios (coma tal Biblos-e Archivo).

A presentación, a revisión por pares anónimos, a aceptación de orixinais nesta revista e as condicións de copyright seguen estándares internacionais que se detallan nas Normas (páxs. 307-310).



CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 17

2015

ISSN: 1698-7861
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA

CADERNOS DE

FRASEOLOXÍA GALEGA

Directora: M^a Isabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela)
Secretaria: Vanessa Fernández Pampín (Universidade de Santiago de Compostela)

CONSELLO CIENTÍFICO

Margarita Alonso Ramos (Universidade da Coruña)
María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Patricia Buxán Otero (Universidade de Vigo)
Javier Calzacorta Elorza (Euskaltzaindia. Real Academia de la Lengua Vasca)
Maria Conca i Martínez (Universitat de València)
Germán Conde Tarrío (Universidade de Santiago de Compostela)
Gloria Corpas Pastor (Universidad de Málaga)
Stefan Ettinger (Universität Augsburg)
Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
José Enrique Gargallo Gil (Universitat de Barcelona)
Xosé María Gómez Clemente (Universidade de Vigo)
Luis González García (Universidade da Coruña)
Ángel Iglesias Ovejero (Université d'Orléans)
Hugo Kubarth (Karl-Franzens-Universität Graz)
M. Carmen Losada Aldrey (Universidade de Santiago de Compostela)
Ottavio Lurati (Universität Basel)
Joan Martí i Castell (Institut d'Estudis Catalans)
Wolfgang Mieder (University of Vermont)
Carmen Mellado Blanco (Universidade de Santiago de Compostela)
Valerii Mokienko (Sankt-Peterbúrgskii Gosudárstvennii Universitet)
Károly Morvay (Universidade Eötvös Loránd de Budapest)
António Nogueira Santos (Portugal)
Julia Sevilla Muñoz (Universidad Complutense de Madrid)
Gerd Wotjak (Universität Leipzig)
Alberto Zuluaga Ospina (Universität Tübingen)

CONSELLO DE REDACCIÓN

María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Andrea Expósito Loureiro (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
Vanessa Fernández Pampín (Universidade de Santiago de Compostela)
Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
Carme López Taboada (IES Eusebio da Guarda da Coruña)
Ramón Anxo Martíns Seixo (Escola Oficial de Idiomas de Vigo)
Beatriz Pérez Traseira (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
María do Rosario Soto Arias (IES Eusebio da Guarda da Coruña)

Cadernos de fraseoloxía Galega, revista internacional de investigación fraseolóxica, estuda a fraseoloxía e paremioloxía de calquera lingua do mundo e en calquera dos seus enfoques: estrutural, fraseográfico, tradutolóxico, comparativo e didáctico. Difúndese en Europa, América e África, recíbena todas as universidades de España e Portugal e, pasados seis meses, é de acceso libre na rede [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Admítense orixinais en oito linguas europeas, aínda que a publicación final se fai só en galego, porque esta revista naceu para estimular en Galicia a recolleita e investigación da fraseoloxía galega e universal, porque forma parte do proxecto de ecoloxía lingüística do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades de Santiago de Compostela e porque xenerosamente apoian os 184 fraseólogos de 24 países diferentes que xa publicaron nela.

Cadernos de fraseoloxía Galega, revista internacional de investigación fraseolóxica, estudia la fraseología y paremiología de cualquier lengua del mundo y en cualquiera de sus enfoques: estructural, fraseográfico, traductológico, comparativo y didáctico. Se difunde en Europa, América y África, la reciben todas las universidades de España y Portugal y, pasados seis meses, es de acceso libre en la red [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Aunque se admiten originales en ocho lenguas europeas, la publicación final se hace sólo en gallego, porque esta revista nació para estimular en Galicia la recogida e investigación de la fraseología gallega y universal, porque forma parte del proyecto de ecología lingüística del Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades de Santiago de Compostela y porque generosamente la apoyan los 184 fraseólogos de 24 países diferentes que ya han publicado en ella.

Cadernos de fraseoloxía Galega, an international yearbook of phraseological research, studies phraseology and paroemiology in any language of the world and from any approach: structural, phraseographical, translational, comparative and didactic. It is spread over Europe, America and Africa and received by all Spanish and Portuguese Universities. After six months, this yearbook is accessible for free on the Internet [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Originals are admitted in eight European languages, despite the final publishing is only in Galician. This yearbook was created to stimulate the compilation and research of phraseology in Galicia—both Galician and universal—, as it is part of the linguistic ecology project of the Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades in Santiago de Compostela. Phraseologists from all over the world support this yearbook, to which 184 from 24 different countries have already contributed.

Cadernos de fraseoloxía Galega, revue internationale de recherche en Phraséologie, étudie la phraséologie et la parémiologie de n'importe quelle langue du monde selon toutes les approches: structurale, phraséologique, traductologique, comparative et didactique. Elle est diffusée dans toute l'Europe, l'Amérique et l'Afrique; elle est envoyée à toutes les universités d'Espagne et du Portugal et, six mois après la parution de ses numéros, elle est en accès libre sur le lien [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Des textes originaux sont admis en huit langues européennes, bien que la publication finale soit faite en galicien, car cette revue est née pour stimuler en Galice la collecte et la recherche de la phraséologie galicienne et universelle. En effet, elle fait partie du projet d'écologie linguistique du Centre Ramón Piñeiro pour la Recherche en Sciences Humaines de Saint-Jacques-de-Compostelle, et elle bénéficie aussi du soutien généreux des 184 phraséologues de 24 pays différents qui ont déjà publié leurs travaux dans cette revue.

Die **Cadernos de fraseoloxía Galega** ist eine internationale phraseologische Forschungszeitschrift, die sich mit der Untersuchung der Phraseologie und Paroemiologie jeder Sprache der Welt beschäftigen, und die verschiedene Ansätze verfolgen: strukturell, phraseographisch, translatologisch, komparativ und didaktisch. Sie sind in Europa, Amerika und Afrika verbreitet und an alle spanischen und portugiesischen Universitäten geliefert; nach sechs Monaten, ist die Zeitschrift über das Internet frei zugänglich [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Originale Artikeln sind in acht europäischen Sprachen ausgenommen, auch wenn die endgültige Publikation auf Galicisch ist., da diese Jahrbücher geschaffen wurden, um in Galicien die Sammlung und Forschung der galicischen und universellen Phraseologie zu fördern. Sie gehören zu dem Projekt ökologische Linguistik von dem Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades in Santiago de Compostela. Phraseologen aus aller Welt unterstützen diese Zeitschrift, in der 184 Experten aus 24 Ländern schon etwas beigetragen haben.

Cadernos de fraseoloxía Galega («Тетради по галисийской фразеологии») — это международный журнал, посвященный фразеологическим исследованиям. В нем публикуются материалы по фразеологии и паремиологии любого из языков мира во всех аспектах: структурном, фразеографическом, переводоведческом, сравнительном и дидактическом. Журнал распространяется в Европе, Америке и Африке, его получают все университеты Испании и Португалии. Кроме того, через шесть месяцев после выхода в свет его можно посмотреть на открытом доступе в сети Интернет [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. К печати принимаются оригиналы на девяти европейских языках, однако текст публикуется только на галисийском языке, поскольку этот журнал был создан специально для того, чтобы придать импульс сбору материала и исследованиям в области галисийской и общей фразеологии в Галисии. Данный журнал является частью проекта лингвистической экологии Центра гуманитарных исследований им. Рамона Пинейро в г. Сантьяго-де-Компостела, и его любезно поддерживают 184 фразеологов из 24 стран мира, уже опубликовавших здесь свои статьи.

Índice

ESTUDOS / PAPERS	15
BAQUERO CASTRO, Karen Lorena: <i>As fórmulas rutineiras e as súas relacións de equivalencia na combinación lingüística español-alemán / Routine expressions and their equivalences in Spanish-German linguistic combination</i>	17
LE PODER, Marie-Évelyne: <i>Estudo das unidades terminolóxicas e fraseolóxicas especializadas dun texto do ámbito dos alimentos funcionais e nutracéuticos dende unha perspectiva tradutora / Study of the terminological and specialized phraseological units from a text in the field of functional food and nutraceuticals from a translator's perspective</i>	51
LÓPEZ FERNÁNDEZ, Laura: <i>Parecias xeocosmolóxicas de predición do tempo en galego e maorí / Geocosmologic paroemias of weather prediction in Galician and Maorí</i>	83
PARINA, Irina: <i>Sinónimos fraseolóxicos no corpus e no dicionario / Phraseological Synonyms in Corpus and in Dictionary</i>	109
RECADÁDIVAS / COMPILATIONS	133
LÓPEZ FERRO, Xosé María: <i>Locucións, fórmulas e parecias do concello das Pontes de García Rodríguez / Idioms, expressions and paroemias from the municipality of As Pontes de García Rodríguez</i>	135
RECENSIÓNS / REVIEWS	179
DURANTE, Vanda (ed.) (2014): <i>Fraseología y Paremiología: enfoques y aplicaciones. Por / By Luis González García</i>	181
GÓMEZ GONZÁLEZ, Alba e UREÑA TORMO, Clara (2014): <i>Locuciones y refranes para dar y tomar. El libro para APRENDER más de 120 locuciones y refranes del español. Por / By M. Carmen Losada Aldrey</i>	192
MELLADO BLANCO, Carmen (ed.) (2014): <i>Kontrastive Phraseologie Deutsch-Spanisch. Por / By Beatriz Pérez Traseira</i>	195
ORTIZ ÁLVAREZ, Maria Luisa (org.) (2012): <i>Tendências atuais na pesquisa descritiva e aplicada em Fraseologia e Paremiologia. Por / By Ramón Anxo Martíns Seixo</i>	200
SÁNCHEZ LÓPEZ, Elena (2013): <i>Estudi de la llengua d'Ausiàs March a través de les col.locations. Una aproximació semiautomàtica. Por / By Santiago Vicente Llavata</i>	207

SCHEMANN, Hans; MELLADO BLANCO, Carmen; BUJÁN, Patricia; IGLESIAS, Nely; LARRETA, Juan Pablo e MANSILLA, Ana (2013): <i>Idiomatik Deutsch-Spanisch</i> . Por / By Maria Luisa Ortiz Álvarez e Enrique Huelva Unternbäumen	216
SOARES, Rui João Baptista (2002): <i>Do Ano ao Santo tudo é encanto. Ditos populares ao longo do ano</i> . Por / By Xesús Ferro Ruibal	220
NOVAS / NEWS	223
1. Libros, revistas ou artigos / <i>Books, Journals or Papers</i>	225
1.1. Actas / <i>Proceedings</i>	258
1.2. Recensións / <i>Reviews</i>	258
1.3. Recensionantes / <i>Reviewers</i>	260
2. Congresos, coloquios, asembleas e xornadas / <i>Congresses, Symposiums, Assemblies and Conferences</i>	261
2.1. Congreso EUROPHRAS 2015, Málaga.....	261
2.2. Coloquios Internacionais de Paremioloxía en Tavira (Portugal): 2015	262
2.3. Outros congresos, xornadas ou asembleas do ano 2015 / <i>Other Congresses, Conferences or Assemblies in 2015</i>	262
3. Recursos / <i>Resources</i>	264
3.1. Para dar trela. <i>Manual práctico de fraseoloxía galega</i>	264
4. Proxectos de investigación / <i>Research Projects</i>	264
4.1. <i>Reproducible language units in an interdisciplinary perspective</i>	264
5. Fraseografía espontánea / <i>Spontaneous Phraseography</i>	265
5.1. Ditos e refráns do Valadouro (Lionel Rexes Martínez)	265
5.2. <i>Parucadas</i> : un “dialecto” vivo nacido en Baiona (Amparo Goce Denis)	267
BALANCE / OUTCOME	269
1. Índices de Cadernos de Fraseoloxía Galega / <i>Index of Cadernos de Fraseoloxía Galega</i>	271
1.1. Índices alfabéticos de artigos / <i>Alphabetical index of papers</i>	271
1.2. Índice da sección de Recadádavas / <i>Index of Compilations section</i>	276
1.3. Índice alfabético de recensións / <i>Alphabetical index of reviews</i>	277

1.3.1. Índice alfabético de recensións por autores / <i>Alphabetical index of reviews by authors</i>	277
1.3.2. Índice alfabético de recensións por recensionantes / <i>Alphabetical index of reviews by reviewers</i>	283
1.4. Índice da sección de Novas / <i>Index of News section</i>	287
1.5. Publicacións recibidas na redacción / <i>Publications received in the editorial department</i>	289
2. Índice temático dos dezasete números de Cadernos de Fraseoloxía Galega / <i>Subject index of the seventeen issues of Cadernos de Fraseoloxía Galega</i>	289
3. Procedencia dos autores de Cadernos de Fraseoloxía Galega / <i>Origin of the authors of Cadernos de Fraseoloxía Galega</i>	301
PROCESO E CONDICIÓNS DE ADMISIÓNS DE COLABORACIÓN / SUBMISSIONS PROCESS AND CONDITIONS	307

As fórmulas rutineiras e as súas relacións de equivalencia na combinación lingüística español-alemán¹

Karen Lorena Baquero Castro

Universidade de Salamanca / Universidade EAN

klbaquero@ean.edu.com

Resumo: Dada a relevancia das funcións discursivas das fórmulas rutineiras (FR) na comunicación cotiá, consideramos preciso telas en consideración no ensino de linguas estranxeiras. Con razón se ten sinalado que, mentres a aprendizaxe e adquisición destas unidades son procesos que se prolongan durante toda a vida dun falante nativo, estes fenómenos representan para os falantes non-nativos “eine unerschöpfliche Quelle pragmatischer Fehler, die sich unter Umständen auf seine sozialen Kontakte negativ auswirken können”² (Sosa 2006: 11). Tendo isto en conta, no presente traballo pretendemos partir desta base para desenvolver estratexias didácticas para os discentes de alemán como lingua estranxeira en Colombia. O punto de partida para a elaboración destes materiais didácticos estaría conformado por estratexias didácticas derivadas de situacións comunicativas coas que os discentes estivesen moi familiarizados. Para este fin resultan especialmente útiles as películas de ficción, dado que permiten pór os discentes en contacto con numerosas situacións, actitudes e intencións. Nun estudo de caso analizouse unha película colombiana con subtítulos en alemán. Nela rexistráronse 252 ocorrencias de 203 FR que expresan alegría, anoxo, agradecemento, decepción, solidariedade, sorpresa, medo e valoración. A partir da análise contrastiva do corpus púidose determinar que apenas se dan casos de equivalencia total. A maioría das diferenzas rexistráronse no nivel estrutural.

Palabras clave: fraseoloxía contrastiva, fórmulas rutineiras, alemán como lingua estranxeira, relacións de equivalencia.

Abstract: *Considering the importance of the discursive functions of routine formulae (RFs) in daily life, they must be a part of foreign language courses. It was pointed out correctly that while native speakers spend their lives learning such units, for foreign-language speakers, these phenomena are an inexhaustible source of pragmatic errors that can have negative consequences on their social*

Data de recepción: 17.3.2016. Data de aceptación: 22.6.2016.

¹ Tradución do texto orixinal en alemán realizada por Patricia Buján Otero.

² Tradución da cita (n. da t.): “unha fonte inesgotable de erros pragmáticos que, en circunstancias, poden chegar a ter un efecto negativo nas relacións sociais”.

life (Sosa 2006:11). A research approach was developed to provide the basis for the development of learning materials for learners of German as a foreign language, coming from Colombia. These materials would build upon didactic strategies worked out from communicative situations well-known by the students. For the purpose intended, feature films are especially appropriate because they offer the possibility of putting the learner in contact with a variety of situations, attitudes and intentions. In a case study, a Colombian movie subtitled in German was analyzed, and it was found to contain more than 252 occurrences of 203 RFs expressing joy, anger, gratitude, disappointment, solidarity, surprise, fear and appraisal. A contrastive analysis of this corpus showed that perfect equivalence was rare. Most differences could be found on the structural level.

Keywords: contrastive phraseology, routine formulae, German as a foreign language, equivalence relations.

1. Introducción

Son aínda numerosas as cuestións pendentes no eido da fraseoloxía contrastiva para o par de linguas alemán-español. Neste traballo presentamos unha investigación que se centra particularmente na variante colombiana do español e na súa tradución ao alemán.

Nel investigáronse as fórmulas rutineiras (no sucesivo, FR) da película colombiana *La estrategia del caracol* (*A estratexia do caracol*) (1993) e os seus subtítulos ao alemán. Destaca por quedar nela reflectido todo o espectro de rexistros lingüísticos do español falado en Colombia, ben que para o obxectivo da nosa investigación resultan especialmente significativos os aspectos diastráticos e diafásicos.

A seguir, descríbense as FR como obxecto de investigación. Na terceira parte, preséntase o corpus, así como os resultados dunha análise cuantitativa. Nunha cuarta sección abórdanse en detalle as relacións de equivalencia das FR subxectivas e na quinta preséntanse as conclusións do estudo, así como as liñas de traballo futuras.

2. Obxecto de estudo: as fórmulas rutineiras

2.1. Funcións

Nesta sección tematízanse a función das FR e a súa relevancia na comunicación. Lüger (2007: 47) fala da polifuncionalidade das FR; segundo el, as FR asumen diferentes funcións tanto no rexistro escrito coma no oral. Dado que as FR están ao dispor dos falantes “als fertige Problemlösungen”³ (Lüger 2007: 445), o seu uso pertinente pode contribuír a resolver mellor as tarefas comunicativas do día a día. Cómpre ademais sinalar a súa función de descarga, moi importante para os falantes, porque lles permite centrarse no esencial e, deste xeito, “ihre Aufmerksamkeit nicht mehr voll auf die Äußerungskonstruktion selbst richten [müssen]”⁴ (Lüger 2007: 445). As FR transmiten información sobre aspectos rexionais, sociais e persoais que poden ser relevantes sobre todo para a interacción entre os interlocutores. Como sinala Lüger (2007: 445), malia que as FR non están fixadas para funcións concretas, nalgúns casos si están predestinadas

³ Tradución da cita (n. da t.): “como solucións preconfiguradas”.

⁴ Tradución da cita (n. da t.): “xa non teñen que centrarse totalmente na construción da expresión”.

para cumprir unha función determinada. Burger (2010: 56) defende tamén esta opinión e salienta que “sich für jeden Ausdruck eine dominante Funktion ermitteln lässt”⁵.

As FR asumen funcións en diferentes niveis. Coulmas (1981a: 94-108) distingue entre as funcións discursivas e as funcións sociais, ben que matiza esta diferenciación facendo fincapé en que “Sprachverhaltensregeln insgesamt eine Teilmenge sozialer Regeln sind”⁶ (Coulmas 1981a: 94), polo que, partindo desta argumentación, considera que a diferenciación non ten especial relevancia. No entanto, para este autor si resulta útil diferenciar entre os dous tipos de funcións: as funcións discursivas tratan da estruturación dos discursos, e as funcións sociais, do comportamento verbal que contribúe a unha interacción social (Coulmas 1981a: 94). Dado o carácter integral da proposta formulada por Coulmas (1981a), témola pola máis acertada⁷. Considerando o feito de que ambos os tipos de funcións están relacionados entre si, na táboa 1 presentamos as oito funcións das FR consonte á tipoloxía de Coulmas (1981a: 97-105) e achegamos para cada caso un exemplo tirado do noso corpus:

Función	Esta función serve para...	Exemplo xunto coa tradución proposta na película
1. <i>Contacto (social)</i>	“establecer relacións”	<i>¡Buenos días! → Guten Morgen!</i>
2. <i>Seguridade na conduta do falante (social)</i>	“evitar dicir algo incorrecto”	<i>Sí, claro. → Selbstverständlich.</i>
3. <i>Función “xibolete” ou de sinal lingüístico (social)</i>	“reafirmar a pertenza do falante a un grupo”	<i>¿Cómo así?⁸ → Wirklich?</i>
4. <i>Función de convencionalidade (social)</i>	“expresar e reforzar convencións”	<i>¡Lo felicito, X! → Meinen Glückwunsch, X.</i>
5. <i>Control da conversa⁹ (discursiva)</i>	“organizar e dirixir a conversa”	<i>Pido la palabra... → Ich bitte ums Wort ...</i>
6. <i>Operadores avaliadores (discursiva)</i>	“designar ou valorar o enunciado do falante”	<i>¡Increíble fue! → Wirklich unglaublich!</i>

⁵ Tradución da cita (n. da t.): “para cada expresión se pode determinar unha función predominante”.

⁶ Tradución da cita (n. da t.): “as regras de comportamento lingüístico son, en suma, un subconxunto de regras sociais”.

⁷ Serve como base para a clasificación de Corpas Pastor (1996).

⁸ Esta FR emprégase en Colombia. Mesmo en países veciños como, por exemplo, Venezuela, pode ser considerada allea e, por este motivo, mesmo (totalmente) inapropiada en termos comunicativos.

⁹ Malia que Coulmas describiu esta función (1981a: 100), non a menciona expresamente.

Función	Esta función serve para...	Exemplo xunto coa tradución proposta na película
7. <i>Función metacomunicativa ou metalingüística (discursiva)</i>	“asegurarse de que a mensaxe é comprensible/ comprendida”	<i>Alguien me va explicar... → Kann mir jemand erklären ...</i>
8. <i>Función de descarga (discursiva)</i>	“expresar algo sen pensalo demasiado, así como encher pausas”	<i>Un momentico. → Einen Moment.</i>

Táboa 1: Funcións das fórmulas rutineiras conforme a Coulmas (1981)

2.2. Definición

Ao longo da investigación fraseolóxica, as FR teñen recibido diferentes definicións. No entanto, existe unanimidade sobre o feito de estaren ligadas a situacións comunicativas estandarizadas (*cfr.* Gülich 1997: 145). A(s) tese(s) de Gülich e Henke (1979: 9 *apud* Zenderowska-Korpus 2011: 54) a respecto das fórmulas rutineiras de apertura son aplicables á maioría das FR: a situación determina que unidades “zu welcher Tageszeit, in welcher Reihenfolge und in welcher Partnerkonstellation gebraucht werden und wie man auf sie reagieren kann oder soll”¹⁰. A relevancia do aspecto das FR relacionado coa situación queda así mesmo clarificado na seguinte definición de Corpas Pastor (1996: 170):

Se trata de unidades fraseológicas del habla, con carácter de enunciado, las cuales se diferencian de las paremias por carecer de autonomía textual, ya que su aparición viene determinada, en mayor o menor medida, por situaciones comunicativas precisas.

O aspecto social das FR insírese na definición proposta por Coulmas (1981b: 2):

In every society there are standardized communication situations in which its members react in an automatic manner. Routines reflect, in a sense a conception of social system and their importance for socialization as well as secondary acculturation is quite obvious, because routines are tools which individuals employ in order to relate to others in an accepted way.

Nesta definición tense en conta a importante función que desempeñan as FR como medios para unha interacción correcta. Pola súa banda, Lüger (2007: 445) define as FR como “sprachliche Mittel oder Prozeduren, die sich in der Sprachgemeinschaft für

¹⁰ Tradución da cita (n. da t.): “en que momento do día, en que orde e con que combinación de axentes se utilizan e como se pode ou debería reaccionar a elas”.

die Erfüllung bestimmter kommunikativer Aufgaben eingespielt haben und die für die Sprecher/Schreiber als vorgeprägte Muster abrufbar sind”¹¹.

Aínda que estas definicións son fundamentais para comprender as FR, o certo é que están formuladas de forma bastante xeral e non entran nas propiedades particulares destas unidades. Neste traballo intégranse na definición os aspectos situacionais e socioculturais específicos das FR, así como aquelas propiedades que comparten coas demais unidades fraseolóxicas. Concordamos así coa definición de Alvarado Ortega (2008: 93).

*Las fórmulas rutinarias, como UFs que son, deben poseer las características comunes a todas ellas, la fijación y, en ocasiones, la idiomatización [...]. además, pueden presentar algún tipo de independencia como enunciados fraseológicos que son. Consideramos que toda fórmula rutinaria posee fijación formal, entendida como perdurabilidad de los componentes que la constituyen, y fijación psico-lingüística, referida a la convencionalización en la comunidad lingüística, es decir, a la estabilidad en su reproducción y a su frecuencia de uso. Sin embargo, para las fórmulas rutinarias estos rasgos definitorios se pueden dar de manera gradual. Por ello, establecemos diferentes tipos de fijación y otras propiedades que forman parte de la idiosincrasia de las fórmulas.*¹²

2.3. Propiedades

As FR comparten propiedades con outros fraseoloxismos. No entanto, queremos, expor a seguir algunhas particularidades destas propiedades e introducimos, ademais, unha característica esencial nova das FR, nomeadamente, a autonomía.

Tanto na investigación fraseolóxica do español coma do alemán existen autores (*cfr.*, por exemplo, Corpas Pastor 1996: 20; Burger 2010: 55) que defenden a idea de que as FR están formadas fundamentalmente por un mínimo de dúas palabras. Non obstante, existen razóns de peso para rebater esta concepción, pois “eine strenge Einhaltung des Polylexikalitätsmerkmals würde natürlich eine ganze Reihe von Routineformeln aus dem Bereich der Phraseologie verbannen: *hallo!*, *ciao!*, *tschüss!*, *danke!*, *¡gracias!*”¹³ (Sosa Mayor 2006: 29). Partindo disto, Sosa Mayor (2006: 29) propón entender as FR como unidades con diversidade estrutural, de forma que, aínda que a maioría son polilexicais, non sempre ten por que ser o caso. A polilexicalidade como propiedade non concorda coa tese defendida por Alvarado Ortega (2008: 93), para quen as FR se caracterizan pola fixación (semántico-pragmática e estrutural), por un certo grao de

¹¹ Tradución da cita (n. da t.): “medios ou procedementos lingüísticos que quedaron asentados na comunidade lingüística para o cumprimento de determinadas tarefas comunicativas e que constitúen modelos predeterminados dos que se bota man ao falar ou escribir”.

¹² Isto significa que tamén se trata dun continuo lingüístico.

¹³ Tradución da cita (n. da t.): “a estrita observación da característica da polilexicalidade deixaría obviamente fóra do eido da fraseoloxía toda unha serie de fórmulas rutineiras, como *hallo!*, *ciao!*, *tschüss!*, *danke!*, *¡gracias!*”.

autonomía e, ás veces, pola idiomaticidade. Neste traballo, por razóns de integridade e didáctica, incluímos no corpus unidades non-polilexicais (é dicir, monolexicais), posto que algunhas destas unidades (aínda que non todas) se poden incluír dentro do campo da fraseoloxía cando menos de xeito periférico. Entre elas atópanse, naturalmente, aquelas unidades que experimentaron “eine phonetische und dann eine graphische Verschmelzung der Komponenten der Formel”¹⁴ (Sosa Mayor 2006: 30). As FR *¿quiai?* (“¿qué hay?”) ou *quiubo* (“¿qué hubo?”) son algúns exemplos tirados do noso corpus que reflicten este tipo de fusión ou univocalización. Na nosa análise téñense en consideración tres tipos: unidades polilexicais, unidades monolexicais e fusións, é dicir, unidades que no rexistro oral conforman unha palabra, mais que no rexistro escrito están formadas xeralmente por un mínimo de dúas palabras. En relación á estrutura das FR que compoñen o noso corpus cómpre sinalar que a maioría delas presentan estrutura polilexical. Boa parte das unidades monolexicais corresponde á categoría de FR subxectivas, unha proporción que tamén se observa no grupo das FR traducidas. En cambio, todas as fusións do noso corpus atópanse unicamente na categoría das FR discursivas como se mostra a seguir.

171	00:16:57	<i>Quiubo, X.</i>	Wie geht’s, X?
175	00:17:01	<i>Quiai.</i>	s. t. (sen tradución)
195	01:02:28	<i>Quiubo, X.</i>	s. t.
196	01:02:28	<i>¿Quiai, don X?</i>	Wie geht’s Don X?
198	01:03:08	<i>Quiubo, X.</i>	Hallo, X.
205	01:30:53	<i>Quiubo.</i>	s. t.
211	00:45:08	<i>¡’Taluego!</i>	Tschüss

Táboa 2. Fusións nas FR discursivas

A fixación *psicolingüística*, a fixación *estrutural*, a fixación *sintáctica*, a fixación *semántica* e a fixación *pragmática* poden presentarse en diferente medida nas FR. As dúas primeiras son de especial importancia. A *fixación estrutural* trata dos compoñentes empregados en cada caso concreto, da súa orde e das categorías gramaticais ligadas a isto, así como da súa transformatividade ou variación (*cf.* Alvarado Ortega 2008: 106). Ademais, segundo a autora (Alvarado Ortega 2008: 107) existe unha fixación *semántico-pragmática* na que o significado vén determinado polo contexto. Un exemplo disto bríndano a FR *¿Cómo así?* tirada do noso corpus que pode presentar dous significados distintos: con respecto a unha situación comunicativa concreta, o falante pode expresar sorpresa ou incerteza.

¹⁴ Tradución da cita (n. da t.): “unha fusión fonética e, posteriormente, gráfica dos compoñentes da fórmula”.

A diferenza dos modismos, a característica da idiomaticidade obsérvase nas FR só ocasionalmente. Para Burger (2010: 55), o significado destas unidades ten a ver co seguinte:

*In semantischer Hinsicht haben viele von ihnen mit den idiomatischen referentiellen Phraseologismen gemeinsam, dass sie ihre wörtliche Bedeutung verloren haben, aber im Gegensatz zu jenen haben sie keine neue, semantisch beschreibbare Bedeutung entwickelt. Es handelt sich also in vielen Fällen um de-semantisierte Wortverbindungen mit einer bestimmten kommunikativen Funktion.*¹⁵

Na maioría das FR, o significado literal ten un papel secundario. Segundo Coulmas, isto explicariase pola súa elevada recorrencia e poderíase afirmar que este significado está anulado (Coulmas 1985: 265 *apud* Gülich 1997: 146), ben que é posible derivalo do contexto. Do mesmo xeito que cos outros fraseoloxismos, aprécianse diferentes graos de idiomaticidade. Existen FR totalmente idiomáticas, como *jetzt schlägt's dreizehn!*, e parcialmente idiomáticas, como *abwarten und Tee trinken!*, así como FR non-idiomáticas, como *um es noch einmal zusammenzufassen* (cfr. Lüger 2007: 452 e s.).

A propiedade da independencia é considerada por Alvarado Ortega (2008: 123) un compoñente esencial das FR. Distingue cinco tipos: *entoativa*, *distributiva*, *textual*, *semántica* e *sintáctica*.

A independencia *entoativa* trata de que as FR poden ser entendidas como actos de fala e que presentan forza ilocutiva propia no que atinxe á expresión de sorpresa e susto, de admiración ou rexeitamento, é dicir, no que atinxe á expresión de determinadas emocións humanas (Alvarado Ortega 2008: 124). A independencia *distributiva* refírese a que as FR se poden empregar no discurso tantas veces como for preciso para fins comunicativos (Alvarado Ortega 2008: 125 e s.). Conforme a esta autora, o contexto situacional e a actitude do falante determinan que FR se pode empregar. Segundo a independencia *textual*, as FR non dependen do contexto lingüístico, senón do contexto situacional (Alvarado Ortega 2008: 126). A independencia *semántica* ten a ver co feito de que as FR son autónomas semanticamente, polo que non precisan ningún outro elemento agás o contexto (Alvarado Ortega 2008: 127). Para a autora, no último nivel de autonomía, nomeadamente, na independencia *sintáctica*, as FR son independentes da sintaxe da oración, de aí que non experimenten ningún cambio na estrutura (Alvarado Ortega 2008: 128).

Na táboa 3 recóllese unha relación das propiedades consideradas neste traballo para a selección das FR:

¹⁵ Tradución da cita (n. da t.): “Dende o punto de vista semántico, moitas delas comparten cos fraseoloxismos referenciais idiomáticos o feito de perder o seu significado literal, mais, a diferenza destes, non desenvolveron un significado novo que se poida describir semanticamente. Trátase, en moitos casos, de combinacións de palabras desamentizadas cunha función comunicativa concreta”.

Propiedades	
Fixación	psicolingüística
	estrutural
	sintáctica
	semántica
	pragmática
	semántico-pragmática
Independencia	entoacional
	distributiva
	textual
	semántica
	sintáctica
Polilexicalidade	
Idiomaticidade	

Táboa 3. Esquema das propiedades das fórmulas rutineiras

2.4. Categorización

Para a clasificación das FR recórrase ao enfoque de Alvarado Ortega, pois que, a diferenza doutros, non xurde da análise de corpus escritos senón de corpus orais de español coloquial. Como se explica a continuación, esta clasificación é especialmente completa. A súa achega máis valiosa reside na taxonomía da actitude do falante e do modo en que isto se reflicte nas FR (Alvarado Ortega 2008: 14), o que permite facer unha clasificación unívoca das FR.

A diferenza da clasificación proposta por Corpas Pastor (1996) na que os actos de fala constitúen o punto de partida, Alvarado Ortega (2008: 91 e s.) parte dos actos de fala como expresión da modalidade. Outra diferenza con respecto ao enfoque de Corpas Pastor radica en que a clasificación que presenta esta autora se basea en corpus orais do español coloquial, ao igual que a presente investigación. Alvarado Ortega (2008: 214-215) integra a diferenciación proposta por Bally (1967) entre o *modus*, é dicir, aquela parte do enunciado que expresa a actitude do falante, e o *dictum*, é dicir, o contido representativo que actúa como obxecto do *modus*. A modalidade do enunciado que vén codificada pola FR manifesta a actitude do falante. Precisamente isto constitúe a base da clasificación, na medida en que o falante se converte no punto de partida. Nesta taxonomía, as FR enténdense como enunciados que lle permiten ao falante expresar a súa subxectividade nunha situación determinada ou asegurar que a conversa se desenvolva con fluidez (Alvarado Ortega 2008: 229).

Dado que o enunciado expresa distintos significados, pódense distinguir, en consecuencia, diferentes tipos: “la modalidad lógica, que se relacionan [sic] con la verdad de lo que se dice, y la modalidad subjetiva, que muestra la valoración del hablante” (Alvarado Ortega 2008: 21). De aquí derivanse dúas categorías de FR: a lóxica e a subxectiva. Cómpre engadir a isto as FR discursivas, que se empregan integrando o enunciado na conversa (*cfr.* Alvarado Ortega 2008: 268).

O primeiro grupo de FR, é dicir, o das lóxicas, baséase na modalidade lóxica: “expresan el grado de certidumbre, probabilidad y posibilidad de lo que se enuncia” (Alvarado Ortega 2008: 221). Disto derivanse as modalidades epistémica e deóntica que se fan manifestas por medio das FR (Alvarado Ortega 2008: 222). Neste punto, a autora distingue entre FR epistémicas e deónticas. As primeiras “expresan certidumbre y el grado del compromiso del hablante con lo que dice [...] o indican la fuente del conocimiento de lo que el hablante ha dicho” (Alvarado Ortega 2008: 269). Nesta categoría distínguense dous tipos: FR que expresan certeza ou FR que expresan incerteza. Baseándose na teoría de Dendale e Tasmowski (2001), Alvarado Ortega (2008: 227) propón tres subcategorías para as FR que expresan certeza:

- a) con evidencia directa: percibida polos sentidos
- b) con evidencia indirecta reproducida: “de segunda man”
- c) con evidencia indirecta inferida: “como resultado dunha asociación de ideas”

As FR deónticas “expresan la obligatoriedad de que se cumpla lo que el hablante dice, es decir, codifican lingüísticamente la modalidad deóntica” (Alvarado Ortega 2008: 279). Aquí distínguense catro tipos dependendo da modalidade do enunciado: enunciación declarativa, interrogativa, imperativa e exclamativa (Alvarado Ortega 2008: 280).

As FR do segundo grupo baséanse en modalidades subxectivas, é dicir, naquelas que expresan a actitude do falante con respecto ao *dictum* (Alvarado Ortega 2008: 222). Este tipo de FR manifesta “los juicios de valor del hablante” (Alvarado Ortega 2008: 285). Nesta categoría encóntranse as FR afectivas, que exteriorizan unha reacción emocional como, por exemplo, alegría, anoxo, gratitude, decepción, solidariedade, sorpresa e medo, e as valorativas, que “manifiestan la actitud del hablante frente al *dictum*, y evalúan dicho enunciado en términos valorativos” (Alvarado Ortega 2008: 315).

O último grupo, nomeadamente, as FR discursivas, “se usan para organizar, estructurar y hacer avanzar la conversación” (Alvarado Ortega 2008: 318). Diferéncianse dous tipos: as primeiras, denominadas fórmulas de apertura e peche, “codifican las relaciones sociales de los individuos que participan en la interacción” (Corpas Pastor 1996: 187 *apud* Alvarado Ortega 2008: 318); o segundo grupo, as fórmulas rutineiras de transición, “sirven para organizar, estructurar y mantener la fluidez de los intercambios” (Corpas Pastor 1996: 187 *apud* Alvarado Ortega 2008: 325). Con respecto á función e ao significado destas FR, a autora explica o seguinte (Alvarado Ortega 2008: 325):

Su función es meramente discursiva, es decir, adquieren valor en el contexto lingüístico en el que se producen, ya que su significado viene dado por el papel que desempeñan en la estructuración de los intercambios conversacionales.

Nesta categoría diferéncianse catro tipos de FR atendendo á súa función: reorientación, conclusión, petición ou mantemento de quenda, e supresión de información.

Na táboa 4 ilústrase a proposta de clasificación de Alvarado Ortega (2008) cun exemplo en cada caso tomado do noso corpus¹⁶:

Lóxicas	Epistémicas	Certeza	Evidencia directa <i>¡Y eso no es nada!</i> <i>Das ist noch gar nichts.</i>
			Evidencia indirecta reproducida <i>Que disque...</i> [s. t.]
			Evidencia indirecta inferida <i>Si mal no comprendo...</i> [s. t.]
	Deónticas	Incerteza <i>¡No me diga!</i> <i>Wirklich?</i>	
		Modalidade do enunciado: exclamativa <i>¡Usted cayetano!</i> <i>Halten Sie den Mund!</i>	
		Modalidade do enunciado: imperativa <i>¡Déjese de maricadas!</i> <i>Vergiss die Sache.</i>	
		Modalidade do enunciado: interrogativa <i>¿Yo qué voy a saber?</i> <i>Woher weiss¹⁷ ich das?</i>	
		Modalidade do enunciado: declarativa <i>Por favor</i> <i>Bitte sehr</i>	

¹⁶ Na clasificación das FR tivéronse en conta aspectos verbais e non-verbais. Ademais, desempeñou un papel especial o contexto lingüístico no que se enuncia cada unidade. O significado de numerosas FR, como *¡Si le dijera!*, *¡Que Dios me perdone!*, *Ni modos de...*, *¡...me importa un bledo!*, *¡Va a verlo, X!*, etc., veu determinado polo contexto. Outro exemplo disto é a FR que aparece no noso corpus *¿Cómo así?* que pode presentar dous significados distintos: o falante quere expresar a súa sorpresa ou ben a súa incerteza con respecto a unha situación comunicativa concreta.

¹⁷ Na transcripción dos subtítulos respectouse a ortografía utilizada no orixinal, por exemplo, a escrita sempre con “ss” (para palabras que se escriben con “ß”).

Subxectivas	Afectivas	Alegría <i>¡De película!</i> <i>Wie im Kino!</i>
		Anoxo <i>¡Maldita sea!</i> <i>Verdammt noch mal.</i>
		Agradecemento <i>Yo le agradezco mucho.</i> <i>Danke.</i>
		Decepción <i>¡Si le dijera!</i> <i>Wenn Sie wüssten!</i>
		Solidariedade <i>¡No se preocupe!</i> <i>Keine Sorge!</i>
		Sorpresa <i>¡Ah carajo!</i> <i>Um Gottes willen!</i>
		Medo <i>¡Con cuidado!</i> <i>Vorsichtig!</i>
	Avaliativas <i>¡Está bien!</i> <i>Gut.</i>	
Discursivas	Apertura e peche	Apertura <i>¿Cómo amaneció?</i> [s. t.]
		Peche <i>Gusto de verlo.</i> <i>Ganz meinerseits.</i>
	Transición	Reorientar <i>Es para que...</i> [s. t.]
		Concluir <i>No estoy para nadie.</i> <i>Ich bin für niemand zu sprechen.</i>
		Pedir ou manter quenda <i>Perdóneme caballero...</i> <i>Mein Herr ...</i>
		Suprimir información <i>(Está rico) el ese.</i> <i>Das (schmeckt köstlich).</i>

Táboa 4. Proposta de clasificación de Alvarado Ortega (2008)

3. Corpus

Até a data, apenas existen estudos contrastivos na combinación lingüística español-alemán para o ámbito das FR¹⁸. Ademais, semella non existir ningunha análise lingüística dedicada especificamente ao español de Colombia. Unha das dificultades para realizar este tipo de estudos reside na falta de corpus axeitados. Até o día de hoxe, existen diferentes corpus do español, por exemplo, o *Corpus de conversaciones coloquiales*, no que se recollen conversas da contorna da cidade de Valencia; o *Corpus del español hablado por jóvenes en Alicante*, que abrangue unicamente o español de Alacante, ou o *Corpus de referencia del español actual*, que contén exemplos de todas as rexións do mundo de fala hispana, tanto de fontes orais coma escritas. No entanto, aínda non se dispón de corpus con estrutura contrastiva.

Ante este panorama, a “película” como medio ofrece un completo instrumento de análise. A autenticidade da lingua empregada, os fenómenos diastráticos e diatópicos, o amplo abano de idades dos falantes e o emprego de numerosas FR de xeito típico en determinadas situacións e contextos fan da película *La estrategia del caracol* unha fonte rica da lingua coloquial de Colombia. Ademais, neste medio reproducéase unha característica importante das FR, a saber, a súa compoñente contextual e permite ter tamén en conta a linguaxe corporal, unha propiedade importante en diferentes FR. Así mesmo, ao dispor de subtítulos en alemán, este medio conforma un corpus bilingüe de gran valor para os obxectivos do noso estudo.

Dende o punto de vista metodolóxico, o traballo con películas presenta unha vantaxe importante: a conversa pódese reproducir tantas veces como for preciso, o que permite observar aspectos importantes como, por exemplo, a entoación, as pausas, os xestos, o contexto, etc., e chegar así a unha interpretación acertada das FR.

En primeiro lugar, seleccionáronse as FR atendendo ás funcións que desempeñan en distintas situacións. As FR empregadas na película recompiláronse nunha táboa Excel e clasificáronse conforme ás distintas categorías establecidas por Alvarado Ortega (2008). Malia que as FR figuran transcritas no corpus de forma illada, a clasificación sempre está en relación ao contexto que corresponde en cada caso. A seguir preséntanse os resultados cuantitativos desta clasificación:

¹⁸ Amigot Castillo (2011, 2012) investiga as FR dende o campo da fraseoloxía contrastiva e céntrase especialmente nas FR subxectivas. Tamén Balzer Haus e Piñel López (2010, 2011) teñen feito unha importante contribución tanto á fraseoloxía española coma á alemá; a súa principal achega consiste nunha proposta propia de clasificación de FR de tipo psicosocial.




Gráfico 1. Total de fórmulas rutineiras

Como se amosa no gráfico 1, rexistráronse máis de 252 ocorrencias dun total de 203 FR diferentes. O diagrama de barras mostra a proporción de FR e as súas ocorrencias recorrentes para o conxunto das FR, para as FR traducidas e para as non-traducidas. No gráfico obsérvase que o total de FR nos tres grupos constitúe máis do 80 %. No grupo das unidades traducidas atópanse 173 FR e 29 ocorrencias recorrentes. O grupo das unidades non-traducidas está formado por 42 FR e 8 ocorrencias recorrentes.




Gráfico 2. Ocorrencia das fórmulas rutineiras por categorías

Tanto o número de FR como o número das súas ocorrencias recorrentes son similares nas categorías lóxica e discursiva (gráfico 2): mentres que son 78 as FR lóxicas, 73 FR

pertencen á categoría discursiva. Nas unidades subxectivas, rexistráronse 56 FR dun total de 69 ocorrencias.




Gráfico 3. Estrutura das fórmulas rutineiras por categorías

O gráfico 3 presenta as tres categorías de FR rexistradas e a súa clasificación segundo estrutura. Dentro da categoría lóxica encóntanse 91 poliléxicas, dúas monoléxicas e ningunha fusión. Máis relevante é o número de ocorrencias monoléxicas para o grupo das FR subxectivas, cun total de oito unidades, no que ademais se rexistraron 61 FR poliléxicas e ningunha fusión. O grupo das FR discursivas está formado por 77 unidades poliléxicas, seis monoléxicas e sete fusións.




Gráfico 4. Fórmulas rutineiras traducidas en cada categoría

Con respecto ás unidades traducidas, o número de FR e de ocorrencias recorrentes é maior na categoría lóxica ca nas categorías subxectiva e discursiva (gráfico 4). Das 74 ocorrencias de unidades da categoría lóxica, 61 son FR únicas. Nas categorías subxectiva e discursiva tan só se identificaron 55 e 57 ocorrencias, respectivamente. Semellante é tamén o número de ocorrencias totais para ambos os grupos, con 63 e 65 unidades en cada caso.




Gráfico 5. Estrutura das fórmulas rutineiras traducidas en cada categoría

O gráfico 5 representa as FR por categoría e estrutura. A maioría das FR polilexicais traducidas pertence á categoría lóxica, con 72 unidades. Figuran traducidas 57 ocorrencias subxectivas polilexicais e 58 ocorrencias discursivas polilexicais.




Gráfico 6. Fórmulas rutineiras non-traducidas por categoría

Entre as FR non-traducidas inclúense 19 unidades lóxicas, seis unidades subxectivas e 25 unidades discursivas. Existe só unha FR non-traducida recorrente tanto no grupo das lóxicas coma no grupo das subxectivas.

Como xa se sinalou na descrición previa a respecto dos datos cuantitativos, este corpus está formado por 252 ocorrencias de FR. Debido a este volume relativamente elevado e á diversidade dos factores que cómpre ter en conta na análise contrastiva das unidades, o estudo centrouse na categoría das FR subxectivas, é dicir, das *afectivas*, que expresan unha reacción emocional, e das *avaliativas*, que “manifiestan la actitud del hablante frente al *dictum* y evalúan dicho enunciado en términos valorativos” (Alvarado Ortega 2008: 315). Ademais, en comparación coas lóxicas e discursivas, esta categoría contén o menor número de FR traducidas: destas, o 20 % son lóxicas; o 28 %, discursivas, e o 9 %, subxectivas¹⁹. A seguir afondaremos nas relacións de equivalencia entre as FR e as súas correspondentes traducións ao alemán.

4. Análise fraseolingüística

4.1. Fundamentos teóricos: a equivalencia

Este estudo non ten por obxectivo avaliar a tradución, senón concibila como un corpus lingüístico. Con todo, isto non significa que os trazos que caracterizan esta forma de tradución non teñan relevancia ningunha na análise das relacións de equivalencia. Na subtitulación, a indicación da equivalencia debe entenderse, por distintos motivos, de xeito diferente a como se procede na tradución textual convencional. Distintos factores, como a interdependencia entre texto e imaxe (*cfr.* Bernal 2002: 43), e a transformación dun texto oral nun texto escrito, comportan restricións de espazo e tempo ás que se debe enfrontar quen subtitula quen, neste sentido, debe ter en conta outros elementos alén da linguaxe oral. Como sinala Wildblood (2002: 41), o subtítulo non se pode corresponder ao cento por cento co diálogo:

An adequate translation of the film as a whole always has high priority, but it does not necessarily have the highest priority for an individual subtitle. A subtitler has to consider many other requirements, and I can only name a few of them here. Priorities will vary from filmmaker to filmmaker; from film genre to film genre and from subtitler to subtitler.

Algúns destes requisitos están relacionados coa selección dunha velocidade apta para a lectura dos subtítulos e coa súa aparición conforme ao que o autor denomina “sense blocks” (Wildblood 2002: 41). Empréganse diferentes estratexias para superar as restricións de espazo e tempo arriba indicadas. A selección destas estratexias vén determinada por cada par de linguas concreto; así, por exemplo, na

¹⁹ As FR subxectivas non-traducidas do corpus son as seguintes:

110	01:12:28	<i>¡Coma mierda, X!</i>	s. t.
116	01:36:03	<i>¡No me joda!</i>	s. t.
117	00:17:50	<i>Gracias, doctor X.</i>	s. t.
149	00:49:52	<i>¡Ay juepucha!</i>	s. t.

subtitulación cara ao alemán, a abreviación asume un papel de gran importancia. Cada subtitulador decide que debe ficar á libre elección. Wildblood consideraba, por exemplo, se non cumpriría omitir da subtitulación os enunciados repetidos formados por unha soa palabra, como “*hellos, goodbyes, yes, yes, yes and no, no, no*” (Wildblood 2002: 43).

Estas condicións básicas influíron no noso corpus na medida en que algunhas FR ficaron sen tradución ou ben expresadas con enunciados máis breves. Porén, esta subtitulación representa na maioría dos casos unha tradución excelente das FR analizadas, o que sen dúbida posibilita e enriquece a análise contrastiva das relacións de equivalencia. A nosa valoración non se basea nin por canto en que o texto orixe e o texto meta deban ser iguais, senón en que “*die Botschaften des AT und ZT, die kommunikativen Zwecke, die kommunikativ-aussagenden Bedeutungen von AT und ZT vollständig oder zumindest zum großen Teil übereinstimmen*”²⁰ (Wotjak 1995: 97).

Existen diferentes concepcións da equivalencia dependendo da teoría e do método. Así, por exemplo, na fraseoloxía contrastiva distínguense dous tipos de equivalencia: a equivalencia cuantitativa e a equivalencia cualitativa. O primeiro grupo abrangue tres casos segundo Korhonen (2007: 577 e s.):

- a) A monoequivalencia, cando a un fraseoloxismo da L1 lle corresponde só un fraseoloxismo da L2.
- b) A poliequivalencia, cando un fraseoloxismo da L1 ten varios equivalentes fraseolóxicos na L2.
- c) A equivalencia nula, cando un fraseoloxismo da L1 non atopa ningún fraseoloxismo corresponde na L2.

Na equivalencia cualitativa diferéncianse as categorías seguintes:

- a) Equivalencia plena (ou total): para Korhonen (2007: 578) cómpre que a correspondencia se produza en todos os parámetros de equivalencia principais. Segundo o autor, unicamente se admiten aquelas variantes que están ancoradas no sistema da lingua (Korhonen 2007: 577 e s.). Estes parámetros de equivalencia varían dun autor a outro. Koller (2007: 605) sitúa en primeiro lugar os parámetros seguintes: equivalencia semántica, constitución léxica e estrutura sintáctica (maioritariamente) concordantes, diverxencias connotativas mínimas ou nulas²¹.
- b) Equivalencia parcial: neste caso pártese dun significado denotativo similar e admítense diferenzas en relación a un ou varios factores (vid. Korhonen 2007: 579). Conforme a este autor, no tocante á estrutura, estas diferenzas pódense

²⁰ Tradución da cita (n. da t.): “coincidan total ou, cando menos, en boa medida, as mensaxes do TO e do TM, os fins comunicativos, os significados do TO e o TM relevantes para a comunicación”.

²¹ Koller (2007: 605) engade ás equivalencias total e parcial a equivalencia de substitución, categoría na que explica que se pode dar equivalencia semántica, diferente constitución léxica e diverxencias connotativas insignificantes ou nulas.

producir no nivel da morfosintaxe ou do léxico (Korhonen 2007: 579). Koller (2007: 605) considera neste nivel parámetros como equivalencia semántica, diferenzas mínimas na constitución léxica e/ou na estrutura sintáctica, e/ou diverxencias connotativas.

- c) Equivalencia nula: a L2 non conta con ningún fraseoloxismo que se poida corresponder co significado do fraseoloxismo da L1. Neste caso, a unidade fraseolóxica exprésase na L2 por medio dunha construción non-fraseolóxica, que pode ser unha unión sintáctica libre de palabras, unha construción de composto ou un lexema único primario (Korhonen 2007: 581).
- d) Pseudoequivalencia ou equivalencia aparente: non existe correspondencia semántica entre as dúas expresións en L1 e L2, mais presentan semellanzas dende o punto de vista formal, polo que poden actuar como falsos amigos (Korhonen 2007: 584).

Na tradición da fraseoloxía contrastiva téñense desenvolvido diferentes teorías (*cfr.* Korhonen 2007, Koller 2007, Corpas 2003, Dobrovolskij / Piirainen 2009, etc.) para a análise das relacións de equivalencia de fraseoloxismos entre dúas ou máis linguas. Porén, dadas as particularidades das FR no noso campo de estudo, só podemos aplicar algunhas. Coulmas (1981: 133) e Jakubowska (1998: 97) propuxeron unha teoría da equivalencia específica para estas unidades. A proposta de Coulmas baséase na equivalencia funcional “die eine graduelle und keine absolute Qualität ist”²² (Sosa Mayor 2006: 352); neste caso distínguense cinco tipos de equivalencia conforme á seguinte trama de categorías: semántica, estrutural, socio-ecolóxica, estilística e forma de uso. Segundo o autor (Sosa Mayor 2006: 134), estes tipos actúan como condicións previas para a investigación dunha tradución idiomática, e, ao igual que el, sostemos a tese de que a explicación destas categorías é fragmentaria (Sosa Mayor 2006: 352).

En cambio, o estudo de Jakubowska (1998: 89) consiste nunha análise pragmática contrastiva que aborda as diferenzas e similitudes canto á forma e ao contido semántico das *polite formulae*. Cómpre botar man aquí de tres niveis: o contido semántico, a forza ilocutiva e o contexto situacional (Jakubowska: 1998: 89). Sobre esta base, a autora (Jakubowska 1998: 96 e ss.) desenvolve a tipoloxía seguinte:

- a) the formulae which are fully equivalent
- b) the formulae which are partially equivalent:
 - formally different
 - semantically different
 - differing in illocutionary force potential
 - used in different contexts
- c) the formulae which are not equivalent

²² Tradución da cita (n. da t.): “que é una calidade gradual e non absoluta”.

No noso estudo contrastivo empregamos como base elementos das teorías previamente explicadas co obxectivo de analizar as diferenzas e similitudes das FR subxectivas en español e nas súas traducións ao alemán. O estudo das relacións de equivalencia constitúe o punto de partida desta análise, para o que se teñen en consideración os tipos de equivalencia anteditos. Partimos dunha *equivalencia plena* cando as propiedades semánticas e estruturais coinciden nas dúas linguas. Como *equivalentes parciais* actúan aquelas unidades cuxo significado é “idéntico”, mais que difiren na estrutura (morfosintáctica e léxica). Os *equivalentes nulos* son unidades non-fraseolóxicas; entre as unidades deste tipo de equivalencia atópanse correspondencias no nivel semántico e estrutural²³. Ademais destes parámetros de equivalencia téñense en conta outros aspectos, como a linguaxe corporal, os fenómenos diastráticos e diatópicos, e as condicións situacionais nas que se dan as FR. Malia que non sempre foi posible contrastar estes aspectos por mor da natureza do noso corpus, si se integran na análise, posto que desempeñan unha función importante para a comprensión das FR.

Igual ca en calquera análise contrastiva, establécese un terceiro elemento, a saber, un *tertium comparationis*, que se entende como propiedade común das linguas que se comparan (cfr. Lehman 2005: 1). O elemento principal da nosa clasificación (e, polo tanto, da nosa comparación) é o contraste entre a actitude do falante que queda reflectida na FR. Tanto no texto orixinal (*primum comparationis*) coma no texto meta (*secundum comparationis*), a función comunicativa consiste en expresar a actitude do falante, o que significa que esta actitude se reproduce até certo grao tanto nas FR españolas coma na súa tradución. Xa que logo, empregamos a actitude do falante como *tertium comparationis*. Partindo deste fundamento teórico, expomos a seguir a nosa análise das relacións de equivalencia nas FR subxectivas.

4.2. Relacións de equivalencia nas fórmulas rutineiras subxectivas

En xeral, pódese observar que a distribución das FR por subcategorías é extremadamente variada. Boa parte das FR atópase no grupo das unidades que expresan anoxo, o que podería vir explicado pola propia temática do filme: dado que a protesta é o tema principal da película, xorden con especial frecuencia as correspondentes necesidades comunicativas da comunidade lingüística. A maioría das FR analízanse de xeito individual, aínda que tamén se analizan grupalmente se presentaren un significado “idéntico”²⁴.

No que respecta á utilización das FR que se describen a continuación, todas elas son actualmente de uso frecuente en Colombia, con excepción de *¡De película!*, e comúns a falantes de calquera grupo de idade, coa única excepción de *¡Una berraquera!*, que soa anticuada para a mocidade de hoxe en día.

A continuación, móstrase cada FR no formato seguinte:

156 00:46:31 *¡Con cuidado!* *Vorsichtig!*

²³ Na nosa análise non rexistramos ningún exemplo de pseudoequivalencia.

²⁴ Numerosas FR como *Este marica...*, *¡Es una hueval!*, *¿Alguien me va a explicar?*, etc., constitúen combinacións usuais de palabras de tipo pragmático.

Cada entrada vai introducida por un número que identifica a FR na táboa Excel do corpus. A carón indícase o momento exacto en que a FR aparece na película. A seguir reproducense as FR en español e o subtítulo proposto en alemán. Cómpre sinalar que a tradución non corresponde necesariamente a unha FR, posto que tamén se incluíron FR que na tradución presentan equivalencia nula.

Sempre que no son orixinal do filme se emitise unha FR xunto con outras palabras, estas figuran na transcripción entre parénteses.

4.2.1. Fórmulas rutineiras: a “alegría” como actitude do falante

Con equivalencia parcial:

94 00:55:37 *¡Una berraquera!* *Wirklich grosse Klasse!*

Estas FR son equivalentes no nivel semántico. Porén, varían na súa estrutura: a FR española constrúese cun artigo indeterminado e o substantivo *berraquera*; en cambio, en alemán empréganse un adverbio, un adxectivo e o substantivo *Klasse*.



95 00:55:40 *¡De película!*
Wie im Kino!

Dende o punto de vista da semántica, estas FR son equivalentes. Apréciase, no entanto, unha diferenza estrutural: a unidade vai introducida en español por unha preposición, e en alemán, por unha conxunción. Como se pode observar na anterior captura de imaxe²⁵, esta FR emprégase no filme xunto cun berro de xúbilo acompañado dos correspondentes xestos (tamén de xúbilo):

137 00:55:44 *¡Increíble (fue)!* *Wirklich unglaublich!*

O sentido é equivalente nas dúas linguas e ambas empregan un adxectivo co mesmo significado. O uso do adverbio *wirklich* na FR alemá ten valor enfático. Precisamente para este mesmo fin se introduciu no son orixinal español o verbo *fue*, algo que, polo xeral, non é necesariamente usual. (É posible que o autor pretendese desautomatizar a expresión ao inserir a forma verbal.)

4.2.2. Fórmulas rutineiras: o “anoxo” como actitude do falante

Con equivalencia parcial:

96 00:17:51 *¡...me importa un bledo!* *... interessiert mich nicht.*

Temos en ambos os casos un sintagma verbal. Malia que as dúas expresións son comparables dende o punto de vista da pragmática, á FR alemá da tradución fáltalle o ton

²⁵ Esta imaxe e todas as que se reproducen no artigo están tomadas da película *Die Strategie der Schnecke* [DVD, 2007], de Sergio Cabrera, distribuída para o mercado alemán por Kairos-Filmverleih GbR.

rudo que se acada na FR española mediante o emprego da palabra *bledo*, un substantivo que significa “cosa insignificante, de pouco o ningún valor” (www.rae.es). Este significado conséguese parcialmente no alemán mediante a negación do verbo *interessieren*. Outras opcións para reproducir o ton da versión orixinal son as expresións alemás *Das ist mir völlig Schnuppe* e *Das ist mir schnurzegal*.

97 00:20:39 ¡Carajo (, Perro)! Verdammt (Hund)!

100 00:34:02 ¡Carajo (, Perro)! s. t.

Neste caso, ambas as dúas formas de expresión son equivalentes semanticamente. No noso corpus, as expresións monolexicais adoitan empregarse xunto cun nome propio; neste caso utilízase o nome común *perro*, mais trátase do alcume do interlocutor. Na subtítulosación, esta FR está traducida nunha das ocorrencias. Neste caso particular, o falante non aparece na captura de imaxe.

Se atendemos á estrutura, as expresións española e alemá son diferentes. No español, a FR figura introducida pola interxección *carajo* (en alemán, *verdammt*).

Con respecto ao plano léxico, cómpre sinalar que as palabras se empregan en ambas as linguas con significados diferentes: *verdammt* expresa un xuramento (www.duden.de: “drückt eine Verwünschung aus”); en cambio, no español de Colombia emprégase *carajo* para expresar anoxo, rexeitamento, sorpresa, asombro, etc. (www.rae.es: “disgusto, rechazo, sorpresa, asombro, etc.”).

98 00:25:39 ¡Maldita sea! Verdammt noch mal.

O sentido é equivalente en ambas as linguas. As FR inclúen tanto no español coma no alemán un adxectivo. En contraste co español, a partícula *noch mal* debe verse como unha característica propia da lingua alemá.

99 00:27:24 (Esto) no es más que (un papel) de mierda (Dieses Papier) ist nur Scheisse.

En ambas as linguas, o sentido é equivalente. No español, esta FR fórmase sobre a base dunha negación, mentres que na tradución alemá se constrúe o significado mediante a partícula *nur*. A estrutura da FR en ambas as linguas admite multitude de variantes. Na FR española pódese substituír *un papel* por, por exemplo, *una casa*. O comportamento en alemán é similar, de xeito que nesta FR se podería substituír *dieses Papier* por, por exemplo, *die Liebe* (“o amor”) ou *das Leben* (“a vida”). Dentro da fraseoloxía, conforme ao enfoque da gramática de construcións, as estruturas deste tipo catalóganse como esquemas fraseolóxicos (“*Phraseoschablonen*” en alemán, ou modelos formativos) e están no límite entre a fraseoloxía e a sintaxe, polo que até hai pouco ficaban excluídas da fraseoloxía (cfr: Voigtman 2012).

102 00:40:30 ¿Cómo se le ocurre que...? Wie kann man ...?

Ambas as construcións son iguais semanticamente. Tanto no español coma no alemán, a FR constitúe unha pregunta retórica. En español, o ton vén marcado polo

modo interrogativo da oración e, particularmente, polo uso reflexivo do verbo *ocurrir*. Na FR alemá, ao igual ca na española, o ton conséguese mediante a interrogación e, adicionalmente, co verbo modal *können*.

103 00:44:30 *¿Alguien me va a explicar...? Kann mir jemand erklären ...?*

A FR é equivalente semanticamente nas dúas linguas. Dende o punto de vista léxico, pódese observar que en ambas as linguas se emprega o mesmo verbo. No alemán, a FR fórmase estruturalmente cun verbo modal, mentres que no español se constrúe cunha perífrase. Esta FR pode estar xunto a outras FR como, por exemplo, a 104.

104 00:44:30 *¿(...) qué diablos significa esto? (...) was das soll?*

No español, a FR 104 resalta o anoxo do falante cando esta FR (ou outras similares, como por exemplo, *qué carajo* ou *qué putas*) se emprega acompañando a FR 103. Este anoxo exprésase ademais mediante o ton e a expresión da cara (véxase a captura de imaxe da dereita).



En cambio, a FR 104 funciona en alemán non só como reforzo do anoxo cando se usa conxuntamente coa FR 103: podería dicirse máis ben que a FR 104 é necesaria neste caso para expresar anoxo.

Se observamos a FR 104 illadamente, podemos concluír que o ton da tradución en alemán é menos rudo ca o do orixinal en español. Isto débese talvez a que na oración alemá non existe ningún elemento que reproduza o sentido da palabra española *diablos*.

No dicionario bilingüe PONS (<http://de.pons.com/übersetzung/spanisch-deutsch/de>) propóñense algunhas frases equivalentes para a FR 104 (... *was das soll?* ou *was soll das?*), en concreto, *¿a qué viene esto?* e *pero ¿qué significa esto?* Ambas as propostas responden a traducións nas que o anoxo non se expresa coa mesma intensidade. Non atopamos máis propostas nos dicionarios de alemán como lingua estranxeira, por exemplo, Langenscheidt e PONS, nin no Duden monolingüe. Mediante a FR *was zum Teufel* poderíase describir con maior precisión semántica o grao de anoxo dun falante español que empregase a expresión *¿qué diablos?* Se un discente español falante consultase a FR *was zum Teufel* no dicionario PONS (2012), atoparía a seguinte información lexicográfica:

¡~s! Donnerwetter!; ¡qué ~s! zum Teufel!; ¡al ~ con él! zum Teufel mit ihm!; ¿cómo ~s...? wie zum Teufel ...?; ¡con mil ~s! Teufel noch (ein)mal!; ¿qué ~s pasa aquí? was zum Teufel ist hier los!; ¡vete al ~! scher dich zum Teufel!

Destas propostas, o par “*¿qué ~s pasa aquí? was zum Teufel ist hier los!*” está máis próximo ao significado das FR 103 e 104. Con todo, esta información non abondaría

para o discente, ben que el mesmo podería se cadra descubrir o equivalente axeitado ao identificar a parte fixa e a parte modificable da FR.

105 00:55:22 *¡Va a verlo, X!* *Ich werde es Ihnen zeigen, X!*

En ambas as linguas, as FR presentan equivalencia semántica. Na tradución, o ton da ameaza transmítese por medio da perspectiva de primeira persoa. En español emprégase o verbo *ver* nunha estrutura perifrástica, mentres que en alemán se utiliza o verbo *zeigen*. A FR complétase por medio dun xesto que subliña o ton de ameaza (véxase a captura de imaxe á dereita). A selección do verbo alemán vén xustificada polo feito de que este verbo expresa con precisión tanto a idea coma o xesto que acompaña a expresión.



107 01:02:03 *¡(Perro) de mierda! Scheiss(hund)!*

Ambas as FR son equivalentes tanto no plano semántico coma no léxico. En cambio, difiren na estrutura: no español está formada por unha locución prepositiva e no alemán materialízase mediante un composto.

111 01:13:26 *¡Ni pu'el putas, X!* *Unmöglich, X*

O significado da FR española (“algo non é posible”) queda transferido na tradución, mais falta o ton vulgar que se consegue no español coa palabra *el putas*. Dende o punto de vista morfosintáctico e léxico, as FR española e alemá son totalmente diferentes: a FR alemá é monoléxica, mentres que a española é poliléxica.

112 01:17:57 *¡No me joda, X!* *Lassen Sie mich in Ruhe, X!*

As FR alemá e española son equivalentes semánticos. A FR constrúese nas dúas linguas mediante unha estrutura imperativa que se identifica no uso oral por medio dunha elevación do ton de voz.

101 00:35:42 *¡Ay no me joda!* *Leck mich!*

A función comunicativa da FR española cúmprese na tradución. Porén, o grao do ton agresivo é diferente nas dúas FR: no alemán, a actitude do falante é mesmo máis agresiva ca no español. Obsérvase unha clara diferenza na forma de tratamento: no español emprégase o tratamento de cortesía, mentres que no alemán se atúa. Na FR alemá non se emprega ningunha interxección, mentres que no español se emprega *ay*. Estas FR teñen en común o feito de se expresaren en modo imperativo.

Con equivalencia nula:

106 01:42:11 *¡(Qué) pa' qué (pregunta este huevón)! Worum? (Was für eine Frage!)*

Estas FR non son equivalentes. Na FR española pregúntase pola finalidade, mentres que na tradución se pregunta de forma xeral, sen unha mínima alusión nin aos detalles nin a

unha finalidade. Ademais, a FR alemá non expresa o ton de enfado do falante, de xeito que esta emoción se reproduce única e exclusivamente mediante a frase facultativa *Was für eine Frage!*

108 01:04:11 *Este marica...* *Er ...*

Malia que a tradución cumpre a finalidade comunicativa da FR española, en concreto, a de referirse a unha persoa, esta tradución non constitúe unha FR; no seu lugar, no subtítulo alemán indicase unicamente o pronome. *Este marica* é un modo familiar de referirse a alguén cun ton de lamento. No contexto en que se utiliza esta FR exprésase o sentido do anoxo elevando o ton de voz. O espectador alemán interpretaría esta FR coa información que se deriva da situación comunicativa.

113 01:32:03 *¡Es una hueva!* *So ein Mist*

Entre as FR española e alemá non existe equivalencia ningunha: a FR española refírese a alguén que non é quen de facer algo concreto; pola contra, a FR alemá refírese a unha situación.

129 01:42:06 *¿Cómo que (pa' que)?* *Ich sage Ihnen, (warum).*

A FR española e a tradución non son equivalentes semanticamente: no español exprésase unha recriminación, mentres que no alemán se fai unha advertencia. Desde o punto de vista estrutural, estas expresións son diferentes porque a FR española emprega o modo interrogativo (retórico), mentres que a FR alemá corresponde a un enunciado afirmativo. No nivel léxico, non hai correspondencia entre a FR e a tradución. A FR española emprégase xunto cun xesto (encolléndose de ombreiros) que reforza o ton recriminatorio (véxase a captura de imaxe na parte dereita).



4.2.3. Fórmulas rutineiras: o “agradecemento” como actitude do falante

Dentro do grupo das FR subxectivas encóntrase a categoría de agradecemento á que pertence a maioría das FR do corpus con equivalencia tanto no nivel semántico coma no estrutural.

Con equivalencia plena:

118 00:21:18 *Gracias, doctor X.* *Danke²⁶, Dr. X.*

119 00:38:21 *Gracias, gracias...* *Danke, Danke ...*

124 01:10:35 *No, gracias.* *Nein, Danke.*

²⁶ Na transcripción do subtítulo respectouse a grafía orixinal, por exemplo, a maiúscula “D”.

Tanto no español coma no alemán, a FR 118 foi ampliada co mesmo tratamento para o interlocutor, neste caso, *doctor*, traducido como *Dr*. No entanto, o emprego deste tratamento en Colombia non se corresponde necesariamente co alemán: no ámbito lingüístico colombiano, o interlocutor pode recibir a designación *doctor* aínda que non conte co correspondente grao académico e ten como obxectivo expresar respecto, por exemplo, para afagar o xefe.

123 01:05:41 *Muy amable. Sehr nett.*

Estas FR son equivalentes semanticamente. No alemán tamén sería posible empregar a correspondencia *sehr lieb*, ben que se partiría dun contacto persoal máis próximo e mesmo dunha relación afectiva. Porén, este matiz non se inclúe no son orixinal e apenas sería posible outra solución en español (*cf*: Sosa Mayor 2006: 393).

Con equivalencia parcial:

120 00:52:09 *¡Muchísimas gracias! Vielen Dank.*

121 00:55:35 *¡Muchas gracias, doctor! Vielen Dank, Dr.!*

122 00:55:56 *Muchas gracias. Vielen Dank.*

125 01:21:47 *Muchas gracias, Dr. Vielen Dank.*

Estas FR son equivalentes semanticamente. Nos casos en que se emprega o adxectivo *vielen*, apréciase unha diferenza estrutural: o obxecto emprégase en alemán en singular. Na tradución falta, ademais, o superlativo que si temos en *muchísimas*, que, pola contra, se podería expresar con outros adxectivos como, por exemplo, *besten*.

126 01:34:56 *Yo le agradezco mucho. Danke*

Estas FR son parcialmente equivalentes no nivel semántico. Non obstante, o sintagma verbal empregado no son orixinal resulta bastante formal, co que se acentúa máis o agradecemento ca na FR que se emprega no subtítulo alemán (*cf*: Sosa Mayor 2006: 392).

4.2.4. Fórmulas rutineiras: a “decepción” como actitude do falante

Con equivalencia parcial:

127 00:41:04 *¡Si le dijera! Wenn Sie wüssten!*

Estas FR son equivalentes no nivel semántico e morfosintáctico. En relación ao léxico, empréganse distintos verbos: no español colombiano úsase *dicir*, que correspondería ao alemán *sagen*, e no subtítulo, *wissen*. As dúas linguas presentan unha estrutura condicional. Esta FR vai acompañada dunha expresión facial de picardía (véxase a captura de imaxe da dereita); mediante este xesto determínase o significado da FR.



128 00:42:50 *¡Que Dios me perdone!* *Möge Gott mir vergeben!*

Estas FR son equivalentes tanto no plano semántico coma no estrutural. No nivel léxico emprégase a mesma figura (*Dios* / *Gott*) e verbos de significado idéntico. En ambas as FR temos unha frase exclamativa.

109 01:05:06 *¡Usted sí tiene huevo!* *Sie haben Mut!*

Estas FR son equivalentes a nivel práctico; na tradución falta, porén, o ton de ameaza que se atangue coa expresión *tener huevo*. O significado de indignación da FR española transmítese por completo na FR alemá. Estas FR distínguense no plano léxico: en español emprégase *huevo* e, en alemán, *Mut*. Sen o xesto que a acompaña (negar coa cabeza e apertar os beizos), a FR tamén podería expresar anoxo (véxase a captura de imaxe da dereita).



131 00:50:09 *¡Ay juepucha (cabeza la mía)!* *Bin ich vielleicht blöd!*

Tamén neste caso atopamos dúas FR con equivalencia semántica. Porén, difiren dende o punto de vista estrutural: no alemán emprégase un sintagma verbal, mentres que o español é unha combinación das interxeccións *ay* e *juepucha*. As dúas FR teñen en común que están construídas como exclamacións. Esta FR emprégase no filme xunto cun xesto de desencanto (véxase a captura de imaxe dereita).



Con equivalencia nula:

133 01:16:31 *Ni modos de (preguntarle al doctor)* *(Den Dr.) kann ich nicht (fragen)*

A tradución para o alemán expresa a actitude do falante da FR española, mais trátase dunha equivalencia nula, posto que se fai unha paráfrase do significado e non se trata dunha FR en sentido estrito.

4.2.5. Fórmulas rutineiras: a “solidariedade” como actitude do falante

Con equivalencia plena:

143 01:14:47 *Mucha suerte, doctor X.* *Viel Glück, Dr. X.*

En ambas as linguas, o falante exprésalle ao interlocutor o seu apoio (cando menos, moralmente) para a consecución do seu fin. No plano morfosintático, emprégase un adxectivo antes do substantivo. Ambos os elementos son equivalentes lexicalmente.

Con equivalencia parcial:

134 00:17:48 *¡Lo felicito, X!* *Glückwunsch, X!*

138 00:55:55 *¡Lo felicito, X!* *Meinen Glückwunsch, X.*

A FR 134 e a tradución son equivalentes semanticamente. Dende o punto de vista estrutural, a FR española constrúese mediante un sintagma verbal, mentres que no alemán se emprega un sintagma nominal. Na FR 138 colócase o posesivo *meinen* antes do substantivo *Glückwunsch*. A FR española pode empregarse tanto en situacións formais como informais. O uso das formas de tratamento *tú* e *usted* en Colombia depende de se a situación é formal ou informal, así como do grao de confianza entre os interlocutores. A diferenza da maioría dos países de fala española, en Colombia é realmente usual que os amigos íntimos se traten de vostede; mesmo os estudantes e os docentes se poden atuar segundo as circunstancias. A formalidade desta FR pódese recoñecer a partir da linguaxe corporal: distancia física, apertón de mans, aberta ou bico.

136 00:52:02 *Desafortunadamente así es. Es ist leider so.*

As FR son equivalentes a nivel semántico e léxico. Dende o punto de vista morfosintáctico, as FR diverxen: o suxeito está omitido no español.

139 01:02:34 *Tranquilo, hombre.* *Ist schon gut.*

141 01:06:19 *Tranquila, doña X.* *Ruhig, X.*

Ambas as FR transmiten a mesma mensaxe: o falante pretende tranquilizar o seu interlocutor. Non se traduciron nin a interxección *hombre* nin a forma de tratamento *doña*. Na tradución mantívose o adxectivo, pero sen flexión. En ambos os casos, a expresión está marcada pola afecto. Estas dúas FR empréganse acompañadas dun xesto: o falante toca o ombreiro do interlocutor, como se pode ver máis abaixo nas capturas de imaxe. Este xesto depende da situación e mostra que existe unha relación de confianza entre as persoas que interactúan.



140 01:05:37 *¡No se preocupe!* *Keine Sorge!*

Estas FR son equivalentes semanticamente, mais difiren na estrutura: mentres que a FR española está formada por un sintagma verbal, na tradución alemá optouse por un sintagma nominal.

142 01:06:20 *¡Ya pasó todo!* *Es ist alles vorbei.*

Tamén neste caso existe equivalencia semántica. No entanto, as estratexias para expresar que unha situación chegou á súa fin son diferentes: en español, mediante o verbo *pasar* e o adverbio *ya*, e no alemán, mediante o verbo *vorbei*.

144 01:14:49 *¡Y perdóneme por...!* *Entschuldigen Sie, dass ...*

O sentido é equivalente nas dúas linguas, e mesmo os dous verbos son similares dende o punto de vista léxico. Trátase en ambos os casos de oracións de imperativo, malia que as FR difiren na estrutura: no español emprégase a preposición *por*, e no alemán, unha oración de relativo.

Con equivalencia nula:

135 00:27:44 *¡No le conocía esas habilidades!* *Ich wusste nichts von Ihrem Talent.*

A tradución equivale semanticamente á FR española: o falante expresa a súa admiración pola capacidade do seu interlocutor; porén, este significado parafrásase no texto alemán.

4.2.6. Fórmulas rutineiras: a “sorpresa” como actitude do falante

Con equivalencia plena:

114 01:33:02 *¡Mierda!* *Scheisse!*

115 01:34:24 *¡Mierda!* *Scheisse!*

Estas FR pódense clasificar tanto dentro da categoría “anoxo” coma en “sorpresa”. O xesto do falante permite discernir que nestes casos concretos corresponden á segunda categoría (véxase a captura de imaxe dereita empregada como exemplo para a FR 114). Estas FR son equivalentes nos planos semántico, morfosintáctico e léxico.



Con equivalencia parcial:

No noso corpus encontráronse catro FR co compoñente léxico *carajo*. Cada FR traduciuse en función da situación. Todas as unidades expresan “sorpresa”, aínda que se distinguen dous tipos: a sorpresa positiva e a sorpresa negativa. As FR seguintes ilustran o sentido negativo:

145 00:08:19 *¡Ah carajo!* *Um Gottes willen!*

153 01:35:24 *¡Ah sí, carajo!* *Ach ja, verdammt!*

154 01:37:53 *¡Carajo!* *Verdammt!*

O grao da connotación negativa vén marcado por elementos non-verbais, como ton, contexto e xestos. No seguinte exemplo amósase a mesma FR cunha connotación positiva:

147 00:29:46 *¡Ah carajo!* *Genial!*

Dende o punto de vista semántico, estas FR (145, 147, 153 e 154) son equivalentes, mais todas elas difiren no nivel morfosintáctico. Os compoñentes léxicos destas FR e as súas traducións diferéncianse entre si. A interxección *carajo* pode ter diferentes significados en Colombia. Para contrarrestar esta polisemia, o contexto situacional e —de existir— o xesto que acompaña a expresión permiten concluír nestes casos cal é a intención do falante. Esta información xa está incluída na FR alemá.

146 00:14:37 *¿Cómo así?* *Wirklich?*

150 00:54:19 *¿Cómo así?* *Wieso?*

A FR *¿cómo así?* presenta diferentes significados que cómpre interpretar a partir da situación, o ton e os xestos. As dúas FR do son orixinal empréganse no español de Colombia cando se recibe unha información inesperada ou incomprensible. Neste sentido, as FR 146 e 150 van acompañadas dun xesto descomposto da cara e de miradas de sorpresa. Ambas as FR son interrogativas, mais bastante diferentes dende o punto de vista léxico.

148 00:42:56 *¡Dios mío!* *O Gott!*

O sentido é equivalente nas dúas linguas. No nivel léxico, ambas as FR conteñen a palabra *Dios* / *Gott*. Unha diferenza significativa radica en que en español se pon o acento mediante o posesivo *mío* e, en alemán, coa interxección *o*.

151 01:27:52 *¡Uy, cuidado, (señorita)!* *Vorsichtig, (Señorita).*

A FR 151 e a súa tradución son equivalentes semanticamente. Porén, a estrutura é diferente: mentres que en español se emprega a interxección *uy*, en alemán non se emprega ningún elemento equivalente. Outra das diferenzas radica no emprego dun substantivo en español e dun adxectivo en alemán.

152 01:33:25 *¡Ah carachas!* *Mist!*

No son orixinal en español empréganse dúas interxeccións: *ah* e *carachas*; en cambio, en alemán só se usa un substantivo. A FR española é utilizada preferentemente por persoas de mediana idade procedentes de Bogotá. O termo *carachas* é un eufemismo para *carajo*, que soa máis vulgar. Existe unha correspondencia semántica entre ambas as FR, a saber, as dúas empréganse cando algo resulta especialmente molesto.

155 01:37:53 *¡Por fin, X!* *Endlich, X!*

O sentido é equivalente nas dúas linguas. Nas dúas FR é idéntico o emprego do adverbio. En español emprégase unha preposición.

4.2.7. Fórmulas rutineiras: o “medo” como actitude do falante

Con equivalencia parcial:

156 00:46:31 *¡Con cuidado!* *Vorsichtig!*

157 00:47:22 *¡Con cuidado!* *Pass auf!*

O significado destas FR é equivalente, mais diferéncianse no plano da estrutura: en español emprégase unha preposición, e en alemán, un adxectivo (FR 156) ou un verbo (FR 157). A primeira vai acompañada no filme dunha ollada de preocupación (véxase a captura de imaxe da dereita).



4.2.8. Fórmulas rutineiras: a “avaliación” como actitude do falante

A segunda categoría das FR subxectivas está formada polas denominadas FR “avaliativas”. Os exemplos do noso corpus corresponden unicamente a FR que expresan unha avaliación positiva: dúas delas son totalmente equivalentes, e as tres restantes, parcialmente.

Con equivalencia plena:

160 00:50:45 *Muy bien.* *Sehr gut.*

162 01:32:44 *Eso está bien.* *Das ist gut.*

Estas FR son equivalentes tanto no plano estrutural coma no semántico. A FR 160 fórmase nas dúas linguas mediante un adverbio e un adxectivo. A FR 162 é tanto en español coma en alemán un sintagma verbal e existe unha correspondencia un a un entre os distintos compoñentes léxicos.

Con equivalencia parcial:

158 00:35:44 *Está bien,...* *Gut, ...*

159 00:48:51 *Está bien.* *Gut.*

161 00:50:49 *Bueno, está muy bien.* *Sehr gut.*

Cada unha destas FR é equivalente á súa tradución dende o punto de vista semántico. En cambio, estruturalmente prodúcense algunhas diferenzas. As FR 158 e 159 están formadas en español por un sintagma verbal, e en alemán, por un adverbio. Ambas as FR van acompañadas dun asentimento coa cabeza. A interxección *bueno* da FR 161 pode ter diferentes sentidos en español, por exemplo, aprobación, transixencia ou perplexidade, ou servir simplemente, coma neste caso, para introducir unha oración. A FR da tradución alemá está formada por un adverbio nos dous primeiros exemplos e por dous no último.

5. Conclusións e liñas de traballo futuras

A modo de resumo concluímos que a localización de equivalentes totais entre as FR subxectivas españolas e alemás constitúe unha tarefa extremadamente complexa. A maioría das FR do corpus son equivalentes dende o punto de vista semántico, mais aprécianse numerosas diverxencias no plano estrutural.

Canto á estrutura das FR, non se constata ningún consenso xeral. A maioría dos fraseólogos defenden a tese de que as unidades monolexicais non poden constituír FR, xa que non serían capaces de cumprir as funcións comunicativas que iso supón. No entanto, no noso corpus non puidemos confirmar esta afirmación, nin na parte española nin na alemá.

Ben que a clasificación de Alvarado Ortega é considerada a máis completa, os límites entre algunhas das categorías que ela propón semellan ser fluídos, un fenómeno que queda especialmente manifesto naquelas unidades que expresan certeza ou unha avaliación. Non obstante, esta pexa puido vencerse na maioría dos casos ao integrar os elementos situacionais e non-verbais na determinación do significado das FR.

O feito de que a nosa análise estivese baseada en corpus é o que nos permitiu ter en conta determinados aspectos lingüísticos. Este corpus ten probado ser unha profusa fonte de información lingüística que non sería tan evidente noutros corpus. No entanto, presenta unha deficiencia na medida en que por motivos estruturais os subtítulos alemáns non poidan presentar determinada información lingüística e cultural que no español se desprende da situación reproducida na película. Por este motivo, non é posible realizar unha comparación cos fenómenos comunicativos do espazo lingüístico e cultural xermano.

Para a nosa análise partimos en primeiro lugar da actitude do falante como *tertium comparationis*. Sobre esta base contrastáronse as FR das dúas linguas e examinouse a súa relación de equivalencia. En xeral, púidose determinar que no corpus apenas existen equivalentes totais. Ademais, na análise constatouse que a maioría das diferenzas se producen no plano estrutural. Para ter en consideración finalmente os aspectos semánticos, incluíronse todos os elementos da situación comunicativa. Nalgúns casos, estes compoñentes extralingüísticos foron tan importantes para determinar o significado coma a propia información lingüística.

O presente traballo pretende servir de punto de partida para a elaboración de materiais didácticos que permitan aos discentes aprender as diferentes dimensións das FR, podendo complementar así as posibilidades que ofrecen outros materiais didácticos, como os dicionarios e os libros de texto. Para determinar que categorías deben ser obxecto da elaboración de materiais didácticos, podería facerse unha análise dos materiais de ensino co fin de determinar posibles defectos ou carencias.

Dado que no presente traballo centramos a atención nas FR subxectivas do corpus, resta aínda marxe para investigacións adicionais. Unha análise orientada e exhaustiva con todas as unidades que contén podería constituír unha base sólida para o deseño de innovadores materiais de ensino interactivos. Finalmente, o corpus formula preguntas sobre distintos fenómenos comunicativos que poderían constituír o punto de partida para unha investigación de carácter máis xenérico no campo da pragmática contrastiva.

Bibliografía

- ALVARADO ORTEGA, M. Belén (2008): *Las fórmulas rutinarias en el español actual*. Alicante: Universidad de Alicante.
- AMIGOT CASTILLO, Laura (2012): “Las fórmulas rutinarias expresivas como vehículo de transmisión de emociones. Correspondencias expresivas en el contraste alemán-español”, en EBERWEIN, P.; TORRENT, A. e URÍA FERNÁNDEZ, L. (eds.): *Kontrastive Emotionsforschung Spanisch-Deutsch*. Aachen: Shaker, 21-35.
- AMIGOT CASTILLO, Laura (2014): *Las fórmulas rutinarias expresivas del alemán y del español: estudio teórico y análisis pragmático comparado*. Tese doutoral. Madrid: Universidad Complutense de Madrid.
- BALZER HAUS, Berit e PIÑEL LÓPEZ, Rosa (2010): “Vorschlag eines klassifikatorischen Modells für Routineformeln psycho-sozialer Art”, en KORHONEN, J.; MIEDER, W.; PIIRAINEN, E. e PIÑEL LÓPEZ, R. (eds.): *Phraseologie global – areal – regional. Akten der Konferenz EuroPhras 2008 vom 13.-16.8.2008 in Helsinki*. Tübingen: Narr Francke Attempto Verlag, 269-275.
- BALZER HAUS, Berit e PIÑEL LÓPEZ, Rosa (2011): “Routineformeln im spanischen-deutschen Sprachvergleich: traduktologische Lösungen in Pérez-Revertes Jagd auf Matutin”, en LAVRIC, E.; PÖCKL, W. e SCHALLHART, F. (eds.): *Comparatio delectat. Akten der VI. Internationalen Arbeitstagung zum romanisch-deutschen und innerromanischen Sprachvergleich*. Innsbruck, 3 a 5 de setembro de 2008. Vol. 2. Frankfurt a. M. et al.: Peter Lang, 849-862.
- BERNAL, Miguel (2002): *La traducción audiovisual. Análisis práctico de la traducción para los medios audiovisuales e introducción a la teoría de la traducción filológica*. Alicante: Publicaciones de la Universidad de Alicante.
- BURGER, Harald (2010): *Phraseologie – Eine Einführung am Beispiel des Deutschen. Grundlagen der Germanistik 36. 4., neu bearbeitete Aufl.* Berlin: Erich Schmidt.
- CORPAS PASTOR, Gloria (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Editorial Gredos.
- COULMAS, Florian (1981a): *Routine im Gespräch. Zur pragmatischen Fundierung der Idiomatik*. Wiesbaden: Akademische Verlagsgesellschaft Athenaion.
- (1981b): “Introduction: Conversational Routine”, en COULMAS, Florian (ed.): *Conversational Routine. Explorations in Standardized Communication Situations and Prepatterned Speech*. The Hague: Mouton, 1-17.
- DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij e PIIRAINEN, Elisabeth (2009): *Zur Theorie der Phraseologie. Kognitive und kulturelle Aspekte*. Tübingen: Stauffenburg – Linguistik.
- GÜLICH, Elisabeth (1997): “Routineformeln und Formulierungsroutinen”, en WIMMER, Rainer e BERENS, Franz-Josef (eds.): *Wortbildung und Phraseologie*. Tübingen: Gunter Narr, 131-175.
- JAKUBOWSKA, Ewa (1998): “Greetings and farewells contrastively viewed”, en *Linguistica Silesiana* 19, 87-98.
- KOLLER, Werner (2007): “Probleme der Übersetzung von Phrasemen”, en BURGER, Harald; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij e KÜHN, Peter et al. (eds.): *Ein*

- internationales Handbuch der zeitgenössischen Forschung 1 / An International Handbook of Contemporary Research 1*. Berlin: Walter de Gruyter, 605-613.
- KORHONEN, Jarmo (2007): “Probleme der kontrastiven Phraseologie”, en BURGER, Harald; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij e KÜHN, Peter *et al.* (eds.): *Ein internationales Handbuch der zeitgenössischen Forschung 1 / An International Handbook of Contemporary Research 1*. Berlin: Walter de Gruyter, 574-589.
- LEHMAN, Christian (2005): *Zum Tertium comparationis im typologischen Sprachvergleich*. <http://www.christianlehmann.eu/publ/tertium.pdf> [Data de consulta: 16/06/12].
- LÜGER, Heinz-Helmut (2007): “Pragmatische Phraseme: Routineformeln”, en BURGER, Harald; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij e KÜHN, Peter *et al.* (eds.): *Phraseologie. Ein internationales Handbuch der zeitgenössischen Forschung 1 / Phraseology. An International Handbook of Contemporary Research 1*. Berlin: Walter de Gruyter, 444-459.
- SOSA MAYOR, Igor (2006): *Routineformeln im Spanischen und im Deutschen. Eine pragmalinguistische Analyse*. Wien: Praesens Verlag.
- WILDBLOOD, Alan (2002): “A Subtitle Is Not a Translation: A Day in the Life of a Subtitled”, en *Language International* 14, 2, 40-43.
- WINZER-KIONTKE, Britta (2016): *Gäbe es das Lehrwerk, würden wir es Ihnen empfehlen. Routineformeln als Lehr-/Lerngegenstand. Eine Untersuchung zu Vorkommen und didaktischer Aufbereitung von Routineformeln in Lehrwerken für Deutsch als Fremd- und Zweitsprache*. München: iudicium Verlag.
- WOTJAK, Gerd (1995): “Equivalencia semántica, equivalencia comunicativa y equivalencia traslémica”, en *Hieronymus Complutensis*, 93-111.
- ZENDEROWSKA-KORPUS, Grażyna (2011): “Zur Vermittlung von Routineformeln im Unterricht Deutsch als Fremdsprache”, en *Beiträge zur Fremdsprachenvermittlung* 50. http://www.vep-landau.de/bzf/2011_50/_04_%20Zenderowska-Korpus%20_51-65_.pdf [Data de consulta: 18/07/12].

Obras lexicográficas de consulta

- Bibliographisches Institut GmbH (2012). *Duden online*. <http://www.duden.de/woerterbuch> [Data de consulta: 20/10/12].
- Pons GmbH (2012): *PONS.eu Das Sprachenportal*. <http://de.pons.eu/> [Data de consulta: 22/10/12].
- Real Academia Española (2001): *Diccionario de la lengua española* (22.^a ed.). <http://www.rae.es/rae.html> [Data de consulta: 22/10/12].

Medios

- CABRERA, Sergio (2007 [1993]): *Die Strategie der Schnecke*. [DVD] Kairos-Filmverleih GbR.



ldo. Cabeceira...
ndo os toxos boten uvas.
ito (a alguén). Chove-lo
sa a galiña morta. Como
us é bo pero o demo non
s nun zapato. Estar coma
ia. Estar entre o caldeiro
re dálle que dálle. Estar
ercala na praza. Falar do
o. Gañar cos dentes para
un. Haber mar de fondo.
esta. Ir...
medio.
la-la p...
a na vir...
er cura...
ga do mar. Os tempos son
o aire do morto. Pola fresca.
e a auga na horta. Querer
do galego. Saír dun souto e
én). Se o fillo sae ó pai saca
e onte pra acá. Ser coma as
sa grande. Ser máis os nenos
an merendeiro. Te-la antena
na Habana. Ter (algo) na

A cera que vai...
a cera. Andar mal do tellado. Anaar no...
moita andada. Aristocracia do pan de millo. Botar pan ó
Cambia-los ollos polo rabo. Cambiarlle a auga ó motor. C
Canta-lo peixe. Cargar para Navia. Chegarlle o mar ó p
mar chovido. Chover coma nas películas. Coller unha co
Deus o trouxo ó mundo. Darlle ó trapo. Dar que falar. L
é malo. Empreñar do aire e parir do vento. Estar coma t
un can. Estar coma un congro /unha uva. Estar en Ba
e a cruz. Estar na aldea e non ve-las casas. Estar sen
sempre ó remo. Facer unha América. Falar da caza e
mar e nel non entrar. Falar ó caso. Forte coma un bu
comer coas enxivas. Gustarlle as cousas moi dereitas
Haber un formigueiro de xente. Ir coma un rei nunha
perdeu na guerra de Cuba. Mandar a un a Noia. Mar p
da Garda. Meter un trifásico. Molla-la palabra. M
Mondoñedo. No tempo de María Castaña. Non che me
do caso. Non poñe-los ovos todos na mesma cesta. Non
e non saber onde as tocan. Ollos verdes coma a a
chegados. Pasa-la Cruz de Ferro. Petar na porta. Pilla
Poñer neve no mes de agosto. Quere-lo sol na port
atranca-lo ceo coas pernas. Radio Disque. Requisit
meterse noutro. Saírlle o río Anllóns polos ollos (a al
de dúbidas a nai. Se-lo negocio da ameixa. Señores
nitas que poñen fóra. Ser da primeira apaña. Ser de c
da pacer en branco. Ser un